



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 30 DE XANEIRO DO 2025.

Sesión 17/2024-P

<p style="text-align: center;"><u>SRES/RAS ASISTENTES</u></p> <p style="text-align: center;"><u>PRESIDENTE</u></p> <p>D. Óscar Benito Portela Fernández (SM)</p> <p style="text-align: center;"><u>CONCELLEIROS</u></p> <p style="text-align: center;">Grupo Sadamaioría (SM)</p> <p>D^a Rebeca Mouriño Neira D. Marcos Villar López D^a María Pilar Taibo Fernández D. Xosé Fernando Fariña Andrade D^a Patricia Martínez Abruñedo D. Ricardo Berrocal Fariña Grupo Unidos por Sada (UPSA)</p> <p>D^a María Nogareda Marzoa D^a María Soraya Salorio Porral D. Sergio García López D. Breogán Blanco González Grupo Partido Popular de Sada (PP)</p> <p>D^a Esperanza María Arias Ferreiro D. Fernando España López (Chano) D^a María Isabel Val Armesto D. Aurelio Lonja Tajés (Lito) Grupo Mixto (GM)</p> <p>D^a Almudena Pena Álvarez («PSOE, independente») D. Emilio Graña Mosquera («BNG»)</p> <p style="text-align: center;"><u>INTERVENTOR</u></p> <p>D. Jaime Presas Beneyto</p> <p style="text-align: center;"><u>SECRETARIA</u></p> <p>D^a María del Carmen Seoane Bouzas</p>	<p>No Salón dos Plenos da Casa do Concello, sendo as 20.00 horas do día xoves 30 de xaneiro do 2025, baixo a presidencia do sr. alcalde D. Óscar Benito Portela Fernández, asistido pola secretaria da Corporación D^a María del Carmen Seoane Bouzas, quen dá fe do acto, reúnen os sres. concelleiros relacionados, membros todos da Corporación, co obxecto de realizar nunha primeira convocatoria a sesión ordinaria do Pleno prevista para o día de hoxe, de acordo coa seguinte</p>
--	--

ORDE DO DÍA:

Abre a sesión o Presidente, dando a benvida a todos e a todas a este Pleno ordinario do mes de xaneiro do 2025 do Concello de Sada.

1º.- APROBACIÓN DAS ACTAS (sesións núms. 20/2024 e 01/2025).

Pola Presidencia pregúntaselles aos membros da Corporación se teñen que formular algunha observación ás actas das sesións núms. 20/2024, ordinaria do 26 de decembro, e 01/2025, extraordinaria do 15 de xaneiro, e indica con respecto da sesión ordinaria de decembro a posible inclusión do nome dunha persoa que fora invitada a abandonar o salón polo presidente; a secretaria aclara que non procede, que na dita sesión non se identificou persoa ningunha.



Non habendo máis intervencións, quedan aprobadas as ditas actas, ordenando a súa transcrición ao Libro de Actas segundo o disposto polo artigo 110.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais.

2º.- POS+2025: PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS). SOLICITUDE XERAL.

A secretaria dá lectura o ditame favorable da Comisión Informativa Xeral do 27 de xaneiro do 2025, que recolle:

«1.- Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+2025”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo á “achega provincial 2025” e con cargo á “achega provincial 2024”:

A) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2025:

	Deputación
Achega provincial 2025 aplicada ao financiamento de gastos correntes	0
Achega provincial 2024 aplicada ao financiamento de gastos correntes	256.204,27€
Subtotal gasto corrente	256.204,27€

B) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2025	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
Denominación da obra ou da subministración	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total Concello	
Reurbanización do Camiño de Ferrer	414.778,89	44.165,95		44.165,95	458.944,84
Subtotal investimentos achega provincial 2025	414.778,89	44.165,95		44.165,95	458.944,84

ACHEGA PROVINCIAL 2024 (Investimentos financeiramente sostibiles)	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
Denominación da obra ou da subministración	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total Concello	
Reparación pistas deportivas no CEIP Pedro Barrié de la Maza	146.375,24	0	0	0	146375,24
Subtotal investimentos achega	146.375,24	0	0	0	146375,24



provincial 2024					
-----------------	--	--	--	--	--

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.

C) Resumo:

		Concello				Orzamento Total
		Deputación	Concello	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecementos de auga potable)	Total concello	
POS+ 2025 RESUMO DE FINANCIAMENTO						
A- GASTOS CORRENTES	Achega 2025	0				0
	Achega 2024	256.204,27				256.204,27
B- INVESTIMENTOS	Achega 2025	414.778,89	44.165,95	0	44.165,95	458.944,84
	Achega 2024	146.375,24	0	0	0	146.375,24
C- TOTAL	Achega 2025	414.778,89	44.165,95	0	44.165,95	458.944,84
	Achega 2024	402.579,51	0	0	0	402.579,51
	TOTAL	817.358,40	44.165,95	0	44.165,95	861.524,35

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2025 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 25% da achega provincial 2025)	(A) Orzamento de contrata	(B) IVE soportado deducible (encher esta columna se hai actuacións de abastecemento de auga potable con IVE deducible)	(C) = A-B Orzamento subvencionable (Diferenza entre a columna A e a B)
Aparcadoiro en As Brañas, Sada	235.337,68	-	235.337,68
TOTAIS	235.337,68	-	235.337,68

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos (reparación das pistas deportivas no CEIP Pedro Barrié da Maza), e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometese o concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2025 Base, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.



7.- *Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.*

8.- *Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente».*

Interveñen o sr. Fariña Andrade (SM), concelleiro delegado da área de Obras e Servizos e Medio Ambiente, quen fai unha exposición; o sr. Graña Mosquera (GM-BNG); a sra. Pena Álvarez (GM-PSOE), quen di que se non está acreditada a titularidade dos terreos o seu voto non ha poder ser favorable, anunciando que se ha abster; a sra. Arias Ferreiro (PP), quen propón que se deixe o asunto sobre a mesa ata se completar a información e anunciando que noutro caso han votar en contra; a sra. Nogareda Marzoa (UPSA), quen solicita algunhas aclaracións con relación á conformación da orde do día, di que o compañeiro que asistiu á comisión informativa lle dixo que segundo dixo o alcalde a sesión convocouse de forma urxente porque a secretaria non contestou ao teléfono.

O alcalde di que o que pasou foi que no momento non puideron contrastar unha serie de expedientes e preferiu non convocar sen que o vira ela e despois chamoulle pola tarde pero xa deixouse para o xoves, a motivación queda urxencia que se dixo era intentar metelo nese pleno, e non puideron nin el nin os dous funcionarios que estaban traballando nese momento contactar e decidiuse non meter a convocatoria sen falar coa secretaria.

A secretaria pregunta que é iso, e pregunta en que momento, porque ela devolveulle a chamada e estaba comunicando ás tres.

O alcalde di que non sabía, que á tarde si.

A secretaria di que a orde do día estíbese formando ao longo da mañá.

A sra. Nogareda Marzoa (UPSA) di que hai que facer mención ao sinalado no informe de intervención, que sinala que non consta a estimación dos custos, pero informa que non hai im pedimento dende o punto de vista de intervención, pídelles ao interventor que o explique.

O interventor di que se entende que non debe existir problema.

A sra. Nogareda Marzoa (UPSA) di que ás veces di que se fiscaliza favorable pero coas salvedades, que son reparos.

O interventor di que non é o caso.

Continúa a sra. Nogareda Marzoa (UPSA) lendo partes do informe técnico e dille á sra. Pena que absterse non é a solución. Di que a foto co Presidente da Deputación foi no campo de Carnoedo, xusto o que non sacou o sr. Portela, e non o levou a ver as tuberías de Carnoedo, ou os colectores de Sada e Carnoedo, ou o centro de formación, ou as rúas que teñen o firme por enriba das entradas aos portais e fai que entre auga nos garaxes. Conclúe dicindo que non se pode aprobar eso polo que ha de quedar enriba da mesa para corrixilo, porque senón dentro dun ano estarán votando a rectificación da rectificación da rectificación.

A continuación da aclaracións o presidente, sr. Portela Fernández (SM), sobre a titularidade, dispoñibilidade ou uso público dos terreos; interveñen novamente a sra. Pena, a sra. Arias e a sra. Nogareda.

A continuación procédese a votar deixar o asunto sobre a mesa, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 9 (4 UPSA, 4 PP e 1 GM-PSOE).
- Votos en contra: 8 (7 SM e 1 GM-BNG).
- Abstencións: Non se producen.

Resultando aprobado por maioría absoluta deixar sobre a mesa a proposta de acordo que a continuación se transcribe literalmente:



1.- Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2025”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo á “achega provincial 2025” e con cargo á “achega provincial 2024”:

A) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2025:

	Deputación
Achega provincial 2025 aplicada ao financiamento de gastos correntes	0
Achega provincial 2024 aplicada ao financiamento de gastos correntes	256.204,27€
Subtotal gasto corrente	256.204,27€

B) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2025	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				Orzamento total
	Deputación	Concello		Total Concello	
Denominación da obra ou da subministración		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)		
Reurbanización do Camiño de Ferrer	414.778,89	44.165,95		44.165,95	458.944,84
Subtotal investimentos achega provincial 2025	414.778,89	44.165,95		44.165,95	458.944,84

ACHEGA PROVINCIAL 2024 (Investimentos financeiramente sostibles)	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				Orzamento total
	Deputación	Concello		Total Concello	
Denominación da obra ou da subministración		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)		
Reparación pistas deportivas no	146.375,24	0	0	0	146375,24



CEIP Pedro Barrié de la Maza					
Subtotal investimentos achega provincial 2024	146.375,24	0	0	0	146375,24

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.

C) Resumo:

		Concello					Orzamento Total
		Deputación	Concello	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecementos de auga potable)	Total concello		
POS+ 2025 RESUMO DE FINANCIAMENTO							
A- GASTOS CORRENTES	Achega 2025	0				0	
	Achega 2024	256.204,27				256.204,27	
B- INVESTIMENTOS	Achega 2025	414.778,89	44.165,95	0	44.165,95	458.944,84	
	Achega 2024	146.375,24	0	0	0	146.375,24	
C- TOTAL	Achega 2025	414.778,89	44.165,95	0	44.165,95	458.944,84	
	Achega 2024	402.579,51	0	0	0	402.579,51	
	TOTAL	817.358,40	44.165,95	0	44.165,95	861.524,35	

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2025 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 25% da achega provincial 2025)	(A) Orzamento de contrata	(B) IVE soportado deducible (encher esta columna se hai actuacións de abastecemento de auga potable con IVE deducible)	(C) = A-B Orzamento subvencionable (Diferenza entre a columna A e a B)



Aparcadoiro en As Brañas, Sada	235.337,68	-	235.337,68
TOTAIS	235.337,68	-	235.337,68

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos (reparación das pistas deportivas no CEIP Pedro Barrié da Maza), e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2025 Base, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

3º.- POS+2024 ADICIONAL 2 HUMANIZACIÓN DO PARQUE DO PORTO. CORRECCIÓN PROXECTO TÉCNICO.

A secretaria dá lectura o ditame favorable da Comisión Informativa Xeral do 27 de xaneiro do 2025, que recolle:

«Único.- Aprobar o proxecto técnico corrixido da Humanización do Parque do Porto, redactado polos Arquitectos D. Faustino Patiño Cambeiro, co núm. de colexiado 3505, e D. Ignacio Juan Prieto López, colexiado núm. 3750, de Prieto Patiño Arquitectura SLP, asinado o 15.1.2025, emendando deficiencias na súa documentación (custo do control de calidade partida 9.1), cun orzamento de 215.477,18 €».

Interveñen o sr. Graña Mosquera (GM-BNG); a sra. Pena Álvarez (GM-PSOE); a sra. Arias Ferreiro (PP); a sra. Nogareda Marzoa (UPSA) e o presidente, sr. Portela Fernández (SM).

A continuación, procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 17 (7 SM, 4 UPSA, 4 PP e 2 GM).
- Votos en contra: Non se producen.
- Abstencións: Non se producen.

Resultando aprobado por unanimidade o seguinte **ACORDO**:

Único.- Aprobar o proxecto técnico corrixido da Humanización do Parque do Porto, redactado polos Arquitectos D. Faustino Patiño Cambeiro, co núm. de colexiado 3505, e D. Ignacio Juan Prieto López, colexiado núm. 3750, de Prieto Patiño Arquitectura SLP, asinado o 15.1.2025, emendando deficiencias na súa documentación (custo do control de calidade partida 9.1), cun orzamento de 215.477,18 €.

4º.- INFORME PREVIO Á DECLARACIÓN DE INNECESARIEDADE PARA A PROTECCIÓN E UTILIZACIÓN DO DOMINIO PÚBLICO MARÍTIMO TERRESTRE DA SUPERFICIE OCUPADA POLO EDIFICIO “LA TERRAZA”.



A secretaria dá lectura o ditame favorable da Comisión Informativa Xeral do 27 de xaneiro do 2025, que recolle:

«Primeiro.- Aos efectos do artigo 18 da Lei 22/1988 de Costas, informar favorablemente o expediente de declaración de innecesariedade do dominio público marítimo terrestre da superficie duns 808 m², que está tramitándose polo Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico, Dirección General de la Costa y del Mar, Demarcación de Costas en Galicia.

Segundo.- Aprobar o compromiso de que en caso de producirse a desafectación e cesión dos terreos ao Concello, estes adicaranse a un uso público conforme ao establecido na Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas e demais normativa concordante aplicable ás entidades locais.

O uso prioritario será o recollido no decreto 16/2020, de 30 de xaneiro, polo que se declara Ben de Interese Cultural a Terraza de Sada. O uso orixinal e actual é o de hostalería e outros complementarios relacionados co lecer e a cultura. Estímase apropiada a continuidade destes usos para a súa idónea interpretación como a mellor forma de manter a autenticidade do inmovible.

A planificación urbanística do Concello de Sada recollerá en calquera caso os usos recomendados no decreto BIC nas condicións establecidas no artigo 35.5 e l disposición transitoria cuarta da Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, realizando as modificacións necesarias na catalogación urbanística do ben co obxectivo de garantir a continuidade de ditos usos e o cumprimento das recomendacións de uso recollidas no decreto de declaración BIC antes mencionado.

Terceiro.- Aceptar e tomar coñecemento da situación rexistral da parcela afectada obxecto da desafectación, conforme á certificación rexistral de 08/03/2023, aos efectos establecidos no apartado 2 do artigo 136 da Lei 33/2003.

Cuarto.- Notificar o presente acordo á Demarcación de Costas en Galicia, Dirección General de la Costa y del Mar, Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico».

Interveñen o sr. Villar López (SM), concelleiro delegado da área de Cultura e Normalización Lingüística, facendo unha exposición; o sr. Graña Mosquera (GM-BNG); a sra. Pena Álvarez (GM-PSOE), quen pola falta dun informe xurídico propón que quede o asunto sobre a mesa; a sra. Arias Ferreiro (PP), quen tamén di que se o asunto non queda sobre a mesa han votar en contra; o sr. García López (UPSA), quen tamén expón os seus argumentos e pregúntase que é o que cambiou para os efectos e que é o que se pensa facer, dando aclaracións o sr. Villar e o presidente, sr. Portela Fernández (SM), producíndose un debate entre eles; e novamente a sra. Arias; intervén tamén a secretaria, aclarando que falta ademais dun informe xurídico un informe técnico e facendo a suxestión, logo dunha aclaración de conceptos, de que se retire o asunto da orde do día ata que se incorporen os informes necesarios, tendo acollida a dita suxestión para propoñela o Pleno.

Polo tanto, a continuación procédese a votar retirar este asunto da orde do día, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 17 (7 SM, 4 UPSA, 4 PP e 2 GM).
- Votos en contra: Non se producen.
- Abstencións: Non se producen.

Resultando aprobado por unanimidade o acordo de retirar este asunto da orde do día.

5º.- CONTROL DA ACTIVIDADE DOS RESTANTES ÓRGANOS DA CORPORACIÓN.

A. Decretos e resolucións da Alcaldía ditados dende o 19 de decembro (núm. 2300/2024) ata o 24 de xaneiro do 2025 (núm. 158).

Para os efectos previstos no Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, dáse conta ao Pleno da Corporación das Resolucións e dos Decretos ditados pola Alcaldía dende o día 19 de decembro do 2024 (núm. 2300, do expediente 2024/G003/002420) ata o 24 de xaneiro do 2025 (núm. 158, do expediente 2025/G003/000166), que foron postos de manifesto á secretaria da Corporación.

B. Mocións.

O presidente, sr. Portela Fernández (SM), aclara que hai dúas mocións; que en realidade se presentaran tres pero que unha delas (sobre RDL sobre o transporte), presentada polo sr. Graña Mosquera (GM-BNG), retirouna porque o Goberno do Estado prorrogou as axudas o transporte polo que xa se tería por cumprida a súa finalidade.

1ª.- Moción sobre o apoio á celebración do Ano Castelao en 2025.



O sr. Graña Mosquera (GM-BNG) xustifica a urxencia da moción en que neste ano 2025 cúmprense 80 anos da publicación no exilio de *Sempre en Galiza* e 75 do pasamento de Castelao en Bos Aires.

Deseguido procédese á votación da urxencia, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 17 (7 SM, 4 UPSA, 4 PP e 2 GM).
- Votos en contra: Non se producen.
- Abstencións: Non se producen.

Resultando aprobada por unanimidade a urxencia da dita moción.

A continuación o sr. Graña dá lectura á moción, a que se reproduce literalmente :

«MOCIÓN DO BNG DE APOIO Á CELEBRACIÓN DO ANO CASTELAO EN 2025

Don EMILIO GRAÑA MOSQUERA portavoz do BNG no concello de SADA ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e, se procede, aprobación da seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Podemos afirmar, sen ningún xénero de dúbidas, que Alfonso Daniel Rodríguez Castelao (Rianxo, 30 de xaneiro de 1886 - Bos Aires, 7 de xaneiro de 1950) é a principal figura política e cultural da historia contemporánea de Galiza, unha condición que deriva dunha traxectoria vital guiada pola integridade ética, a loita contra todo tipo de discriminacións e desigualdades, a defensa dos dereitos nacionais de Galiza e a militancia no internacionalismo solidario.

Todo o pensamento e a obra de Castelao emana do seu compromiso político e social, que o levou a participar activamente nas principais organizacións do nacionalismo galego, primeiro nas Irmandades da Fala (coa asistencia á I Asemblea Nacionalista de Lugo en 1918) e máis tarde, xa no período republicano, coa fundación do Partido Galeguista (1931). A súa obra literaria e artística destes anos é plenamente consecuente coa toma de posición en defensa do país, da cultura, da lingua e das aspiracións de xustiza e liberdade do pobo galego. Nos anos 20 a súa actividade centrouse no ámbito cultural, con creacións senlleiras como Cousas ou o álbum e a exposición Nós, e mediante a participación en iniciativas como o grupo e revista Nós, o Museo de Pontevedra ou o Seminario de Estudos Galegos.

Nos anos 30 asumiu cargos de responsabilidade política no Partido Galeguista e exerceu como deputado nas Cortes da República entre 1931-1933 e a partir de abril de 1936. Neste período centrou grande parte dos seus esforzos na expansión do Partido Galeguista e na campaña polo Estatuto de Autonomía, finalmente aprobado en plebiscito popular o 28 de xuño de 1936. Un Estatuto que non vía como un punto de chegada, senón como o primeiro paso para o desenvolvemento do autogoberno de Galiza.

Por este firme e inquebrantábel compromiso co seu país, Castelao tivo que pagar un alto prezo. Primeiro co desterro a Badaxoz (1934-1935) decretado polo goberno dereitista de Lerroux. A partir do golpe de Estado fascista de xullo de 1936, momento no que tomou partido en defensa da legalidade republicana e de Galiza, sufrindo unha persecución implacábel materializada nun expediente de responsabilidades políticas, no espolio da súa casa e dos seus bens, nunha multa de 75.000 pesetas que tivo que pagar a súa familia, e na depuración como funcionario público.

A persecución e o asasinato dos principais líderes do nacionalismo e do republicanismo galego, compañeiros e amigos seus, marcou fondamente a Castelao. Por iso, a partir de xullo de 1936 un dos obxectivos centrais da súa vida foi a denuncia dos crimes da Ditadura e a lembranza, dignificación e recuperación do exemplo das vítimas da represión franquista. Dese empeño xurdiu a escolla do 17 de agosto, data do asasinato do seu grande amigo Alexandre Bóveda, como Día dos Mártires Galegos/Día da Galiza Mártir. Deste mesmo compromiso naceron neses anos de guerra e exilio os Álbuns da Guerra (Galiza Mártir, Atila en Galiza e Milicianos), as campañas de propaganda na URSS (1938), Estados Unidos e Cuba (1938-1939), e o asentamento definitivo con Virxinia Pereira en Bos Aires a partir de 1940. Malia a derrota e a enfermidade que o consumía pouco a pouco, aínda tivo azos para impulsar a creación da Irmandade Galega (1941), para publicar o libro Sempre en Galiza (1944) e outras obras como Os vellos non deben de namorarse ou As cruces de pedra na Galiza, para promover a fundación do Consello de Galiza (1944), do que foi o primeiro presidente, para pronunciar discursos históricos como o Alba de Gloria (1948), e para defender por todos os medios a aprobación definitiva do Estatuto Galego polas Cortes da República, obxectivo que non chegou a ver realizado plenamente.

Toda a súa vida e a súa obra -depositada na súa maior parte do Museo de Pontevedra pola súa vontade e o empeño persoal de Virxinia Pereira-, constitúen un inmenso legado político e cultural que é preciso administrar e divulgar, facendo que os seus ideais se fagan realidade na Galiza de hoxe.

Temos a obriga de honrar e celebrar a unha das persoas máis senlleiras da historia de Galiza. Temos a obriga de facelo sendofieis ao seo pensamento, á súa obra e ao seu compromiso político, que constitúen unha unidade indisolúbel. O primeiro presidente de Galiza foi un democrata íntegro e exemplar. Todo o que fixo e dixo Castelao, ao longo da súa vida e en todos os lugares do mundo nos que estivo, foi esencialmente política ao servizo da nación e do pobo galego. Como deixou dito Virxinia Pereira “Toda a arte de Castelao, debuxos, conferencias... son esencialmente política”.

Inmediatamente despois da súa morte, o franquismo iniciou a construción dunha versión manipulada de Castelao, enalzando o creador e o artista xenial, e atacando, ocultando ou minimizando a súa traxectoria e obra política. Continuar con esta visión distorsionada,



convertelo nun mito desprovisto de ideoloxía e de compromiso político, utilízalo como estandarte en contra dos ideais que defendeu, constitúe unha fraude histórica e unha negación do legado inmenso que nos deixou.

Cando se veñen de cumprir 80 anos da publicación no exilio de Sempre en Galiza e da fundación do Consello de Galiza, considerado o primeiro goberno galego, e cando se cumpren 75 anos do seu pasamento en Bos Aires, o grupo municipal do BNG do concello de SADA presenta a seguinte proposta de ACORDO:

A Corporación Municipal do concello de SADA acorda:

- 1. Solicitar ao Goberno da Xunta de Galiza o recoñecemento de Castelao como primeiro presidente de Galiza, e o Consello de Galiza como o primeiro goberno galego da etapa contemporánea.*
- 2. Apoiar a declaración do 2025 como Ano Castelao.*
- 3. Instar ao goberno municipal a impulsar unha programación municipal propia que poña de relevo a dimensión política de Castelao, o seu compromiso con Galiza, a súa obra artística e literaria, e o seu humanismo e internacionalismo solidario.*
- 4. Dedicarlle á figura de Castelao dentro do presente ano unha rúa, praza ou equipamento significativo».*

Intervenñen a sra. Pena Álvarez (GM-PSOE); a sra. Arias Ferreiro (PP), quen se amosa partidaria de votar a favor no caso de se suprimir o punto 1, polo que atinxe o primeiro presidente de Galiza; a sra. Nogareda Marzoa (UPSA), quen indica que o seu grupo dálles valor os puntos 2, 3 e 4 pero que con respecto do punto 1 de se manter a súa postura ha ser a abstención; o sr. Villar López (SM), quen di que o seu grupo acepta integramente o contido do acordo que se propón e especialmente no relativo os compromisos municipais.

O presidente, sr. Portela Fernández (SM), pregúntalle o sr. Graña se está disposto a retirar o punto 1, e este xustifica a súa negativa a facelo. Intervén tamén a secretaria, para aclarar que o punto 3, no que se insta, é un rogo e que os rogos non se votan; logo da súa consideración, decídese votar sen ese punto 3, que pasa a ser un rogo.

A continuación, procédese á votación da moción (sen o punto 3), obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 9 (7 SM, 2 GM).
- Votos en contra: 4 PP.
- Abstencións: 4 UPSA.

Resultando aprobado por maioría absoluta o seguinte **ACORDO**:

- Solicitar ao Goberno da Xunta de Galiza o recoñecemento de Castelao como primeiro presidente de Galiza, e o Consello de Galiza como o primeiro goberno galego da etapa contemporánea.
- Apoiar a declaración do 2025 como Ano Castelao.
- Dedicarlle á figura de Castelao dentro do presente ano unha rúa, praza ou equipamento significativo.

2ª.- Moción sobre a creación de Bolsas de Comedor baseadas na renda familiar.

A sra. Nogareda Marzoa (UPSA) xustifica a urxencia da moción para lle dar unha solución o debate e tamén ás queixas formuladas por diferentes familias que viron incremento o recibo do comedor e outros servizos.

Deseguido procédese á votación da urxencia, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 17 (7 SM, 4 UPSA, 4 PP e 2 GM).
- Votos en contra: Non se producen.
- Abstencións: Non se producen.

Resultando aprobada por unanimidade a urxencia da dita moción.

A continuación a sra. Nogareda dá lectura á moción, a que se reproduce literalmente :

«Moción para a creación de Bolsas de Comedor baseadas na renda familiar

Á atención do Pleno do Concello de Sada:

Exposición de Motivos:



O dereito a unha alimentación axeitada para os nenos e nenas en idade escolar é esencial para garantir o seu correcto desenvolvemento físico, emocional e académico. Neste sentido, o comedor escolar desempeña un papel fundamental, non só como un espazo de alimentación, senón tamén como un recurso que contribúe á conciliación familiar e á equidade no acceso aos servizos básicos.

Actualmente, o sistema de subvención nominativa outorgado á ANPA do CEIP Pedro Barrié de la Maza para financiar as bonificacións do servizo de comedor escolar presenta unha carencia significativa: non ten en conta a renda das familias beneficiarias. Isto supón que as bonificacións se asignen de maneira uniforme, sen atender ás diferentes capacidades económicas das familias, o que xera situacións de desigualdade e ineficiencia no uso dos recursos públicos.

O que se pretende é modificar o sistema para promover a asignación de bonificacións ao comedor escolar en función da RENDA familiar e garantir que os recursos públicos cumpran o seu obxectivo de maneira eficiente, transparente e equitativa e, por ese motivo, instamos ao Pleno a aprobar esta proposta de urxencia para iniciar á maior brevidade o procedemento necesario.

Ademais, ante a situación de incerteza provocada pola falta de aprobación dos orzamentos para o 2025, resulta urxente que o Concello adopte medidas inmediatas para garantir que as axudas destinadas ao comedor escolar, asegurando que todas as familias usuarias se vexan beneficiadas e atendendo ao principio de equidade na concesión de ditas axudas.

Por todo isto, propoñemos que se inicie un expediente administrativo co obxectivo de modificar o sistema actual de asignación de bonificacións, redirixindo os fondos que actualmente se destinan á ANPA para que sexan xestionados directamente polo Concello e asignados ás familias mediante un sistema de bolsas de comedor baseado na renda familiar.

Polo que se propón ao pleno os seguintes acordos:

- 1. Iniciar o expediente administrativo para incluír no PES unha liña de subvención consistente en bolsas de comedor que priorice a asignación de axudas en función da renda das familias, asegurando que os recursos cheguen de maneira xusta e equitativa a quen máis o precisa, priorizando a equidade e a inclusión social, e incluíndo no expediente os mecanismos necesarios para garantir a transparencia do proceso.*
- 2. Iniciar o expediente para destinar a mesma cantidade que os fondos actualmente consignados á subvención nominativa á ANPA do CEIP Pedro Barrié de la Maza a esa liña de subvención».*

O presidente, sr. Portela Fernández (SM), indica que o seu grupo municipal quere propoñer unha emenda, tomando a palabra a sra. Mouriño Neira (SM), concelleira delegada da área de Deporte, Educación e Xuventude, quen logo dunha exposición le a seguinte proposta de emenda:

“1. Manter a liña de subvención á ANPA do CEIP Pedro Barrié de la Maza condicionada a unha rebaixa do prezo ofertado do servizo para facelo equiparable o prezo público que aplica o concello de Sada ao comedor escolar do CEIP Sada y sus Contornos.

2. O concello realizará os estudos económicos pertinentes para garantir que a liña de subvención conte cos fondos necesarios”.

Intervén o presidente, sr. Portela Fernández (SM), para lles explicar aos grupos o prezo público que hai vixente en cada un deses centros escolares, que se tratarían de equiparar, e tamén a sra. Mouriño. A sra. Nogareda manifesta que en principio non aceptan a emenda mais que antes queren oír os diferentes grupos. Intervén a sra. Pena Álvarez (GM-PSOE), quen de entrada amósase a favor da moción pero que non ve factible que as familias teñan que adiantar o diñeiro. A sra. Arias Ferreiro (PP), aporta a visión e as dúbidas do seu grupo para os efectos, incidindo no feito de que a renda non pode ser o único motivo para as axudas senón tamén outros como a situación socio-familiar ou de incompatibilidade horaria, e queda tamén á espera do resultado do debate. Pola súa parte, o sr. Graña Mosquera (GM-BNG), logo dunha exposición para os efectos anuncia que se non se acepta a emenda de SM ha votar en contra.

Logo de se ter fixadas as distintas posicións iniciais prodúcese un amplo debate, tenso por momentos, mesmo no que por terse producido interrupcións o presidente ordena unha expulsión de entre o público asistente. No transcurso do debate ponse de manifesto e discútese o feito de que hai tres centros escolares (os de Mosteirón, de Mondego e de Sada y sus Contornos, con tres prezos distintos para o financiamento e tres modelos de xestión do comedor tamén distintos (respectivamente, xestionados pola Xunta, pola ANPA e polo Concello), producíndose polos voceiros as distintas achegas para os efectos de fixar unha proposta de votación final.

Como resultado do debate, non se acepta polo grupo presentador da moción a proposta de emenda do grupo municipal de Sadamaioría pero si a do grupo municipal do PP, consistente en que as axudas sexan non só en



función da renda das familias senón engadindo ademais *tendo en conta tamén outros condicionantes como a situación socio-familiar e a conciliación ante a incompatibilidade horaria...*

A continuación, procédese á votación da moción coa proposta de emenda do PP que se indicou, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 9 (4 UPSA, 4 PP e 1 GM-PSOE).
- Votos en contra: 8 (7 SM e 1 GM-PSOE).
- Abstencións: Non se producen.

Resultando aprobado por maioría absoluta o seguinte **ACORDO**:

1. Iniciar o expediente administrativo para incluír no PES unha liña de subvención consistente en bolsas de comedor que priorice a asignación de axudas en función da renda das familias, tendo en conta tamén outros condicionantes como a situación socio-familiar e a conciliación ante a incompatibilidade horaria..., asegurando que os recursos cheguen de maneira xusta e equitativa a quen máis o precisa, priorizando a equidade e a inclusión social, e incluíndo no expediente os mecanismos necesarios para garantir a transparencia do proceso.

2. Iniciar o expediente para destinar a mesma cantidade que os fondos actualmente consignados á subvención nominativa á ANPA do CEIP Pedro Barrié de la Maza a esa liña de subvención.

C. Rogos e preguntas.

Polo grupo municipal mixto, o sr. Graña Mosquera (GM-BNG), formula as seguintes preguntas:

- 1ª) Pregunta sobre problemas de corte do alumado público na zona da Tenencia.
- 2ª) Pregunta polo problema do no campo (de fútbol) e vestiarios de Carnoedo, se xa están orzamentados.
- 3ª) Pregunta pola subvención a deportistas.

O sr. Graña fai tamén os seguintes rogos:

- 1º) Roga que se mire por volver instalar a ponte de Cacharrete.
- 2º) Roga que se asesore ás asociacións para que poidan recibir as axudas económicas que lles puidesen corresponder.
- 3º) Roga que se poña a andar xa o centro de formación de Osedo.

Intervén o sr. Villar López (SM), concelleiro delegado da área de Cultura e Normalización Lingüística, dando unha explicación para os efectos sobre as subvencións.

Intervén a sra. Mouriño Neira (SM), concelleira delegada da área de Deporte, Educación e Xuventude, con respecto do campo de fútbol e vestiarios de Carnoedo e bolsas para deportistas.

Intervén o sr. Fariña Andrade (SM), concelleiro delegado da área de Obras e Servizos e Medio Ambiente, dando explicacións con respecto do alumado público e a ponte e lavadoiro de Cacharrete.

Tamén polo grupo municipal mixto, a sra. Pena Álvarez (GM-PSOE), formula as seguintes preguntas:

- 1ª) Pregunta pola previsión da ordenación da circulación do tráfico en Fontán logo das obras realizadas.
- 2ª) Pregunta en que punto está a Mesa Local de Comercio.
- 3ª) Pregunta cantas horas traballan xuntas as auxiliares de biblioteca.

Intervén o sr. Fariña Andrade (SM), concelleiro delegado da área de Obras e Servizos e Medio Ambiente, respondendo sobre o exposto de Fontán.



Intervén tamén o sr. Berrocal Fariña (SM), concelleiro delegado dos servizos de Promoción Económica, Turismo e Participación Cidadá, para o caso de informar no que atinxe á Mesa Local de Comercio.

Polo grupo municipal do PP, a sra. Arias Ferreiro formula as preguntas seguintes:

1ª) Pregúntalle ao alcalde se non cree que por coherencia e respecto deberan dimitir el (sr. Portela Fernández) e a primeira tenente de alcalde (sra. Taibo Fernández), por acharse segundo di na mesma situación procesal que na que estaba no seu momento o ex-concelleiro do PP sr. Anido, facendo referencia a unha publicación nun diario local, do 07.05.2017 na que Sadamaioría e o PDSP esixían ao PP que lle obrigase á súa renuncia como concelleiro.

2ª) Pregúntalle tamén ao alcalde se pensa que continuando no Consorcio das Mariñas (no que están 8 concellos) e Nostián está a defender os intereses de todos os sadenses, facendo unha comparativa de prezos con respecto doutros municipios da área, referíndose tamén ás queixas pola recollida do lixo e mesmo a unha posible condonación de débedas por parte do Consorcio á empresa concesionaria Aldaba.

3ª) Pregunta en que fase está o POS (plan de obras e servizos) que ía ir destinado á mellora das instalacións da Policía Local.

4ª) Pregunta polo camiño escolar seguro dende todos os puntos de Sada ao CEIP de *Sada y sus Contornos*, que considera que a día de hoxe é unha falacia por distintas necesidades de atención.

Polo grupo municipal do PP, a sra. Val Armesto fai os seguintes rogos:

1º) Roga que se lles preste atención aos parques infantís e bio-saudables, que se achan con óxido e roturas.

2º) Roga que se lle preste atención tamén a un muro de pedra que di que está a caer á altura do número 17 da avenida de Barrié de la Maza.

3º) Roga que o concello retire os ferros, valos e farois rotos da parte axardinada que di que é privada situada na avenida do Párroco Villanueva.

Continúa cos rogos, tamén polo grupo municipal do PP, o sr. Lonja Tajés:

4º) Roga que se reorganice e vixíe o cumprimento da regulación do chamado Feirón de Sada dos sábados.

Continúa tamén cos rogos, polo grupo municipal do PP, o sr. España López:

Previamente, comenta que entende que se lles debe prestar axuda e asesoramento ás asociacións máis alá do envío, alegado polo sr. Villar, de correos electrónicos, que considera impersoais, e pon exemplos do labor neste senso dos membros do seu grupo municipal.

5º) Roga que se ocupen de distintos labores de mantemento que se achan desatendidos, como os pavimentos das beirarrúas ou beiravías, distintas necesidades relativas os contedores do lixo ou de rozamento dos camiños, así como de maneira urxente prestar atención o alumado das pistas de Mondego e tamén á limpeza do camiño de baixada á cala de Lourido e á instalación dun valo e iluminación solicitados pola asociación Armental.

6º) Roga aos dous membros de Sadamaioría que se achan imputados que dimitan xa, que se defendan desde as súas casas e deixen de manchar o nome de Sada e desta Corporación, da que tamén eles forman parte, sinalando os membros do grupo mixto coma cómplices necesarios de que sigan nos seus cargos.

O presidente, sr. Portela Fernández (SM), pregúntase con relación a isto último e en contestación tamén á primeira das preguntas da sra Arias Ferreiro (PP), que diferencia hai se no seu momento o sr. Anido tampouco dimitiu, e a sra. Arias aclara que ela non está a preguntar por que non dimita o alcalde senón por que non é coherente se pedira que na mesma situación procesal alguén dimitira por que é que non o aplica para el. Intervén tamén o sr. España.



O sr. Portela contesta o relativo á pregunta de Nostián, de maneira ampla, opinando que é mellor manterse en Nostián que ir a Sogama e que ha completar a súa resposta con toda a documentación do Consorcio.

A sra. Taibo Fernández (SM), concelleira delegada da área de Facenda, Seguridade Cidadá e Persoal, dá explicacións con respecto da pregunta relativa ás dependencias da Policía Local, sobre o que ademais indica que teñen acceso ao expediente.

Polo grupo municipal UPSA, a sra. Salorio Porral formula as seguintes preguntas:

1ª) Pregúntalle ao sr. Fariña Andrade, concelleiro delegado da área de Obras e Servizos e Medio Ambiente, para cando ten pensado contestarlles aos veciños de Meirás ao seu escrito de novembro do 2023.

2ª) Pregunta polas licitacións, polos pregos, as licitacións que están con contratos en precario vencidas ou a piques de vencer, nomeadamente a de axuda a domicilio, que está en prórroga, por todo o que seguen a esperar.

A sra. Salorio tamén comeza cos rogos por parte do seu grupo municipal:

1º) Di que logo das distintas publicacións na prensa e redes sociais dos últimos días solicitando a dimisión do alcalde, sr. Portela, e da concelleira sra. Taibo, pola próxima apertura de xuízo oral por un delito de prevaricación e outro de infidelidade na custodia de documentos, roga responsabilidade, coherencia e sobre todo memoria por parte de todos os implicados, lembrando o sucedido en pasadas corporacións, segundo manifesta coa implicación tamén do sr. Portela, dada a persecución sufrida polo ex-alcalde sr. Anido, especialmente polas iniciativas da que cualifica de ultradereita do PDSP e que foron respaldadas polo BNG: 65 denuncias e 7 imputacións, das que saíu indemne, polas que se lle pedía a dimisión ou o abandono ao sr. Anido, e mesmo descualificacións persoais. E remata a súa intervención coa súa esperanza e desexo de que os veciños de Sada teñan tamén “*Memoria*” e saiban reaccionar cando chegue o momento de expresar a súa decisión nas urnas.

Tamén polo grupo municipal UPSA, a sra. Nogareda Marzoa comeza a súa intervención interesándose polas preguntas xa pasadas de plenos anteriores, dicindo que ademais das licitacións ás que se referira xa a sra. Salorio tamén solicitaran os gastos da relación das concellerías do orzamento municipal e as facturas que estaban reparadas na Conta Xeral, que di que continúan sen recibir; e por outra banda tamén preguntaran polo estado do edificio da avenida de Párroco Villanueva, 25, tamén interesado desde a Valedora do Pobo.

3ª) Pregunta tamén pola situación actual da capela de san Roque (praza de España) e cal é o proxecto de futuro para ela.

Prosigue a sra. Nogareda cos rogos do seu grupo municipal:

2º) Roga logo dunha longa exposición de reproches ao alcalde, que haxa unión para lle devolver ao Pleno as competencias que ten delegadas na Alcaldía e máis na Xunta de Goberno Local.

Comeza a dita exposición tomando como referencia o relatado das súas vivencias pola sra. Salorio e manifesta que as persoas que chegaron con posterioridade os ditos feitos tamén viviron momentos que cualifica de bastante incoherentes. Di que non queren entrar xa no incumprimento do propio código ético de Sadamaioría, mais que xa percibían esa incoherencia na mala xestión e desgobierno do sr. Portela, que afirma que foi o que motivou que presentaran unha moción de censura no seu momento, que non foi unha decisión nin precipitada nin espontánea senón moi ben meditada, conscientes do desgaste mental e físico que esa decisión ía supoñer a quen foron chamados tráfugas, malos por presentar unha moción o sr. Portela, *ese sr. Portela que era o mesmo que non respectaba xa naquel momento os acordos plenarios, o mesmo que non sacaba a licitación os contratos que lle reparan continuamente desde intervención, ou de secretaría, o mesmo que cambiaba e non respectaba os orzamentos e modificaba as partidas o seu antollo vía decreto cando o podía facer, o mesmo que causou os estragos de Sada y sus Contornos, o mesmo que mentiu en relación á ampliación do CEIP de Sada y sus Contornos con que había que ter un Plan Especial do Porto, o mesmo da pista de patinaxe e o mesmo que se adicou a mentir sobre a nosa actitude.*



Alude o labor de fiscalización no mandato pasado que hoxe botan en falta e increpa para os efectos os membros do grupo municipal mixto, o sr. Graña (GM-BNG), pola ausencia total de crítica ante expedientes que chegan ao pleno continuamente de mala maneira con informes tamén continuamente desfavorables; e á sra. Pena (GM-PSOE), á que lle di que a abstención tamén favorece todo isto.

Afirma que o mellor aqueles que presentaran a moción non eran ningún tollo, que sabían perfectamente que o sr. Portela non había dimitir, nin agora nin nunca, alegando este agora de maneira di que inconsecuente que outros tampouco o fixeron, mentres que eles si que o foron por non estaren de acordo con un desgobierno, e foron quen de pasar por enriba das súas diferencias individuais e de grupos para a procura do benestar de Sada, e que durante todo ese tempo o que recibiron foron insultos continuamente que mesmo sen non o facer o sr. Portela inspiraba aos demais a facelo.

Continúa a súa exposición manifestando que si hai mecanismos para poñerse a traballar, increpando a toda a oposición, dicindo que por que ten que haber sete dedicacións exclusivas, por que non se lle poden retirar competencias á Xunta de Goberno Local e á propia Alcaldía e trasladalas ao Pleno? Insta á oposición para cambiar as cousas, quitando competencias, para o que a vía está aberta, e indica que a diferenza está nunha actitude profesional de vocación de servizo fronte á de ir ao persoal, ao insulto, á gracia, a trasladar información “troceada” para que dea a impresión do que realmente non é, que eles seguen a traballar por e para Sada, polo ben que lles uniu naquela moción.

Intervén o sr. Villar López (SM), concelleiro delegado da área de Cultura e Normalización Lingüística, para aclarar en primeiro lugar que o reproche polo comportamento dunha parte do público na sesión do pleno da moción de censura non se lle pode imputar ao sr. Portela porque di que non tiña capacidade de actuación para os efectos xa que non o presidía, e dá explicacións e entra en debate tamén coa sra. Nogareda con respecto do preguntado sobre o estado e actuacións a efectuar na capela de san Roque, hai uns días fechada e delimitada no exterior cun valado segundo as indicacións do arquitecto municipal por ter presentado unha fenda; a sra. Nogareda insiste tamén en que o feito de que o sr. Portela non presidira a dita sesión plenaria non significa que non animase á xente a ter aqueles comportamentos.

Intervén tamén o sr. Fariña Andrade (SM), concelleiro delegado da área de Obras e Servizos e Medio Ambiente, dando resposta á pregunta da sra. Salorio sobre o interesado polos veciños de Meirás.

E non sendo máis os asuntos para tratar, levántase a sesión cando son as 23 horas e 15 minutos do día xoves 30 de xaneiro do 2025, do que como secretaria dou fe e certifico, asinando dixitalmente esta acta electrónica, co visado do alcalde Óscar Benito Portela Fernández, que leva unido o arquivo audiovisual asinado electronicamente e no que se atopa recollido o contido íntegro das intervencións, que se incorpora ao expediente e ao que se pode acceder pola seguinte ligazón:

https://sede.sada.gal/gl/portal_transparencia/Relevancia_Juridica/Normativa/Normativa.html.